

Resolución do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT215E)

TEXTO:

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A axencia pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, ao tempo, aumentar a exportación. Os destinatarios da Axencia son as entidades culturais dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais.

Tal e como establece a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do Cine, na súa exposición de motivos “a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía. Como manifestación artística e expresión creativa, é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto á súa achega ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o Estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción, e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo iso considerando que a cultura audiovisual, da

que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, áchase presente en todos os ámbitos da sociedade actual.”

A Axencia Galega das Industrias Culturais quere seguir impulsando un marco de actuación cultural baseado en tres premisas substanciais:

1. O apoio á creación de contidos audiovisuais de calidade e con vocación de difusión internacional.
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e dar rendibilidade social e económica á cultura galega.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e divulgación de produtos audiovisuais galegos.

Con esta convocatoria de axudas preténdese incidir positivamente no grao de evolución dos proxectos audiovisuais a través do apoio a laboratorios, incubadoras e residencias que teñan como obxectivo realizar accións formativas e de asesoramento nas fases previas á produción dos mesmos.

RESOLVO

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2025. (código de procedemento CT215E)
2. Estas axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos. O importe total das axudas de mínimos concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 300.000 euros durante os tres anos previos á data de concesión.(DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L)

Artigo 2. Persoas beneficiarias

Poderán optar a estas subvencións as persoas xurídicas privadas con actividade habitual en Galicia, promotoras de laboratorios, incubadoras ou residencias orientadas ao asesoramento e impulso de proxectos audiovisuais e cuxos estatutos recollan, no seu obxecto social, aspectos directamente vinculados ao ámbito audiovisual e cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Artigo 3. *Financiamento*

O importe global máximo para o financiamento da presente convocatoria, que terá carácter plurianual será de 180.000 euros, dos que 140.000 euros irán con cargo á aplicación 13.A1.432B.781.0 e 40.000 euros á 13.A1.432B.770.0, do orzamento de gasto da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2025 e 2026, código de proxecto 2015-00003.

Artigo 4. *Solicitudes*

4.1. Para poder ser persoa beneficiaria da subvención deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 9 das bases reguladoras, cumprir cos requisitos establecidos nos artigos 2 e 4 e ser cualificados conforme aos criterios establecidos no artigo 16 das bases reguladoras da subvención.

4.2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes dende o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 5. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

As solicitudes serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras e non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6. *Información ás persoas interesadas*

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega das Industrias Culturais, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais: <http://www.industriasculturais.xunta.gal>
- b) Os teléfonos 881 99 60 77 /881 99 60 78.
- c) No enderezo electrónico agadic@xunta.gal.
- d) Persoalmente.
- e) Na guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo <http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

Artigo 7. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
- b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

Artigo 8. Base de Datos Nacional de Subvencións

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

A entidade outorgante das axudas consignará na Base de Datos Nacional de Subvencións, no prazo de 20 días hábiles a partir da concesión da axuda, a información sinalada no artigo 6,1 do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas se mínimis (DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L).

Artigo 9. Rexistro Público de Subvencións

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e para ser persoa beneficiaria da axuda levará implícita a autorización, para a inscrición dos datos facilitados na solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorra algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2024

O presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais

José Carlos López Campos

ANEXO I

Bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrancia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT215E)

Artigo 1. Obxecto, finalidade, réxime e principios de xestión

1. Estas bases teñan por obxecto determinar as condicións polas cales se regulará a concesión das axudas, en réxime de concorrancia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT215E)

2. Con esta convocatoria de axudas a Axencia Galega das Industrias Culturais quere promover a evolución positiva do sector audiovisual galego a través do apoio á organización e xestión de laboratorios, incubadoras ou residencias que realicen funcións de asesoramento e formación a profesionais e contribúan ao impulso de proxectos audiovisuais.

3. Estas subvencións serán tramitadas, e concedidas, en réxime de concorrancia competitiva e de acordo cos seguintes principios:

- a) publicidade, concorrancia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

4. Estas axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 15.12.2023 Serie L), en virtude do cal as subvencións a conceder quedan exentas da obriga de notificación previa e de comunicación á Comisión Europea.

Informarase ao beneficiario sobre o importe da axuda e o seu carácter de minimis facendo unha referencia expresa ao citado Regulamento (UE) 2023/2831.

A aplicación do réxime de *minimis* implica que a axuda total de *minimis* concedida, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, non pode ser superior a 300.000 € durante o período dos tres anos previos.

5. Estas axudas son incompatibles con outras liñas de subvencións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o mesmo proxecto.

6. Porén, estas subvencións son compatibles con outras axudas para o mesmo proxecto do resto da administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas.

7. En ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custe da actividade subvencionada, segundo establece o artigo 17.3 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán acadar a condición de entidades beneficiarias as persoas xurídicas privadas con actividade habitual en Galicia, promotoras e xestoras de laboratorios, incubadoras ou residencias orientadas ao asesoramento e impulso de proxectos audiovisuais.

Deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

1.1. Ter no obxecto social dos seus estatutos actividades directamente vinculadas ao ámbito audiovisual.

1.2 Ter organizado cando menos dúas edicións da iniciativa nos catro anos anteriores ao da presente convocatoria.

1.3. Que na edición xa celebrada tiveran participado como mínimo dous proxectos de creación ou produción galega.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades que non cumpran os requisitos referidos no artigo 10.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ou nas que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10.2 e 3 da mencionada Lei. En todo caso, os solicitantes presentarán unha declaración responsable de non estaren incursos en tales circunstancias, consonte o modelo establecido no anexo II desta convocatoria.

Artigo 3. *Financiamento, contías máximas e intensidade nas axudas*

1. O importe global máximo para o financiamento da presente convocatoria será de 180.000 euros, dos que 140.000 euros irán con cargo á aplicación 13.A1.432B.781.0 e 40.000 euros á 13.A1.432B.770.0, do orzamento de gasto da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2025 e 2026, código de proxecto 2015-00003.

2. Esta convocatoria ten carácter plurianual, polo que o importe total queda distribuído segundo se expresa na cadro seguinte:

Axudas a laboratorios, incubadoras e residencias	2025	2026	Total
Aplicación 13.A1.432B.781.0	70.000 euros	70.000 euros	140.000 euros
Aplicación 13.A1.432B.770.0	20.000 euros	20.000 euros	40.000 euros

3. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda e sempre antes da resolución da convocatoria.

4. No caso de que os créditos fosen ampliados, publicarase esta circunstancia nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

5. A alteración da distribución do orzamento establecido nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

6. Sen prexuízo das dotacións indicadas en cada aplicación orzamentaria, cando por razón de falta de solicitudes, incumprimento de requisitos para ser persoa beneficiaria e outros que impliquen que non se esgotase a contía establecida nunha aplicación, a Dirección da Axencia poderá determinar o incremento da cantidade establecida na outra, previa a realización dos axustes que proceda no expediente de gasto.

7. No caso de existir solicitudes que, cumprindo todos os requisitos, non acadan o dereito á subvención por terse esgotado o orzamento dispoñible, pasarán a formar unha lista de agarda constituída polas entidades solicitantes que poderían ser susceptibles de recibir a axuda se se producira un incremento de crédito, ben por dispoñer de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta liña de axudas.

8. A contía e intensidade máxima de axuda para cada solicitude obxecto desta convocatoria queda como segue:

PROXECTO	CONTÍA MÁXIMA	INTENSIDADE MÁXIMA
Laboratorio / incubadora / residencia	50.000 €	80%

A adxudicación non excederá da porcentaxe máxima establecida en relación co importe subvencionable achegado pola entidade solicitante.

9. Este expediente tramítase como anticipado de gasto e no ano 2024 poderase chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Todos os actos ditados no expediente de gasto regulado por esta resolución entenderase condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento do ano 2025, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento no que se producirán aqueles e na concesión de subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 4. Proxectos subvencionables. Modalidades e requisitos

1. Se consideran proxectos subvencionables ao abeiro desta convocatoria, aqueles programas formativos, foros, plataformas de promoción de contidos ou residencias que se realicen en Galicia orientados á creación ou desenvolvemento de obras audiovisuais para profesionais e empresas deste ámbito.

2. A efectos das presentes bases entenderase por laboratorios, incubadoras e residencias aqueles programas e actividades dirixidos á formación, asesoramento ou establecemento de redes de negocio co obxectivo de mellorar e impulsar os procesos de creación e desenvolvemento dos proxectos audiovisuais.

3. Os laboratorios, incubadoras e residencias deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- a. Non se poderán admitir obras audiovisuais que participen noutros laboratorios, incubadoras e residencias de natureza similar que se realicen en Galicia e sexan obxecto da mesma convocatoria.
- b. Os mentores ou profesores que realicen as súas actividades dentro do programa do laboratorio, incubadora ou residencia en Galicia farano de xeito exclusivo, polo que non poden ser docentes ao tempo noutro programa que se realice en Galicia e sexa obxecto da mesma convocatoria.

Artigo 5. Concepto de gastos subvencionables

1. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto e se realicen dentro do período subvencionable, no prazo comprendido entre a data de publicación da presente convocatoria e o 1 de xullo de 2026, e se poidan encadrar nos seguintes conceptos:

- *Gastos de persoal contratado especificamente para a actividade.*

Inclúense os servizos prestados por profesionais para a dirección e coordinación da actividade, así como tarefas auxiliares relacionadas coa atención aos participantes. Tamén se inclúen os servizos de profesionais que exerzan como moderadores, dinamizadores, conferenciantes, relatores, titores, mentores ou profesores dentro do programa así como os gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.

- *Contratación de servizos de intérpretes e empresas de tradución simultánea* necesarios para o desenvolvemento do programa.

- *Alugueres de locais ou salas* (excluído o aluguer da sede social da persoa beneficiaria)

- *Servizos técnicos e de aluguer de equipos* para a realización de actividades presenciais.

- *Gastos de xestión e aluguer de espazos en plataformas virtuais* para actividades online e para o aloxamento virtual de contidos relacionados coa actividade a desenvolver. Inclúense os gastos relacionados con aplicacións para móbil, aplicacións 3D/4D e similares

- *Gastos en materiais de comunicación, prensa, publicidade e sinalética*, incluíndo os deseños e os soportes.

- *Gastos de desprazamentos e aloxamento*, en concreto os gastos de custo dos profesionais que exerzan como moderadores, dinamizadores, conferenciantes, relatores, titores, mentores ou profesores dentro do programa relativos ao desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e/ou orixe e destino dentro de España, en clase turista, económica ou similar. No caso dos gastos de aloxamento e manutención o límite diario corresponderase co indicado para o Grupo 4 na Resolución do 24 de novembro de 2023 da Xunta de Galicia, publicado no DOG 229 de 1 de decembro de 2023 de conformidade coa disposición derradeira cuarta do Decreto 144/2001 do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo: 90,94 euros por persoa e día.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables con limitacións os seguintes:

- Os gastos de xestión e administración relacionados directamente co proxecto, que non poderán superar o 10% do importe do proxecto presentado.

- Os gastos ordinarios da entidade (aluguer da sede social da entidade, material de oficina, teléfono, enerxía eléctrica, comunicacións postais, mensaxería, gastos de xestión etc.) que non poderán superar o 5% do importe do proxecto presentado, sempre que se correspondan co período subvencionable e pola parte que se lle asigne ao proxecto.

3. En ningún caso serán subvencionables:

- a) Os gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade promotora do programa que superen o 5% do proxecto presentado.
 - b) Os gastos de soldos, salarios ou calquera outro tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos das persoas pertencentes á entidade promotora do laboratorio, incubadora ou residencia que non estean contratadas especificamente para as actividades de dirección e/ou organización que superen o 10% do importe do proxecto presentado.
 - c) O investimento ou adquisición de material ou equipamentos que supoñan incremento de patrimonio do solicitante.
 - d) Gastos relativos á premios
 - e) Degustacións gastronómicas e actividades complementarias de lecer e ocio.
 - f) Gastos financeiros, de amortización ou por tributos.
 - g) Os impostos indirectos, tales como IVE ou outros similares, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
 - h) Os gastos excluídos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.
5. En aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando o importe dun dos gastos subvencionables iguale ou supere a contía de 15.000 euros no suposto de contratación de servizos ou subministracións, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a execución de obra ou prestación do servizo ou subministración, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan ou presten, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 6. *Subcontratación*

1. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con outra entidade da mesma natureza e que realice a mesma actividade a execución total ou parcial da actividade subvencionable. Para determinar a existencia de subcontratación, atenderase ao obxecto social da entidade coa que se pretenda contratar a actividade.
2. Non se admitirá a subcontratación de actividades e servizos con entidades co mesmo obxecto social que a persoa beneficiaria.
3. En ningún caso poderá concertarse pola persoa beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos comprendidos no artigo 27.7 da Lei 9/2007.

Artigo 7. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle, para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Achegaranse as seguintes declaracións responsables que se recollen no anexo II:
 - 3.1. Declaración de ter no obxecto social dos seus estatutos actividades directamente vinculadas ao ámbito audiovisual.
 - 3.2. Declaración de ter organizado cando menos dúas edicións da iniciativa nos catro anos anteriores ao da presente convocatoria.
 - 3.3. Declaración de que na edición anterior da iniciativa participaron cando menos dous proxectos de creación ou produción galega.
 - 3.4. Declaración de que se non admitirán obras audiovisuais que participen noutros laboratorios, incubadoras e residencias de natureza similar que se realicen en Galicia e sexan obxecto da mesma convocatoria.

3.5. Declaración de que os mentores ou profesores que realicen as súas actividades dentro do programa do laboratorio, incubadora ou residencia en Galicia farano de xeito exclusivo e non serán docentes ao mesmo tempo noutro programa que se realice en Galicia e sexa obxecto da mesma convocatoria.

Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes e emenda*

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes dende o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación esixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a persoa interesada será requirido para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. Deberá achegarse xunto coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación complementaria:

Documentación xeral:

- a. Certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a firme en nome da entidade xurídica que solicita a subvención.
- b. Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou o que corresponda.
- c. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

Toda a documentación anterior terá a consideración de obrigatoria, segundo a modalidade de axuda correspondente, aos efectos de admisión de solicitudes.

2. As persoas solicitantes deberán presentar, seguindo a mesma orde de numeración e nomenclatura, a seguinte *documentación específica*:

- a. Ficha da actividade executada na edición inmediatamente anterior á da presente convocatoria, segundo os parámetros que se detallan no Anexo III.
- b. Memoria do proxecto, indicando de maneira clara os obxectivos do laboratorio ou incubadora e as actuacións previstas para levalos a cabo. O documento non poderá superar as 10 páxinas nin as 3.500 palabras e deberá responder estritamente aos criterios de valoración que se establecen no artigo 16, apartado 1.
- c. Memoria que recolla os CVs do equipo principal de organización e coordinación do proxecto, e os Cvs e traxectoria de tutores e outros posibles participantes. O documento non poderá superar as cinco páxinas nin as 2.000 palabras.
- d. Memoria económico-financeira segundo o Anexo IV co orzamento completo e detallado dos gastos subvencionables sinalados no artigo 5 das presentes bases e a previsión doutros ingresos públicos e privados. A memoria incluírá o orzamento desagregado, con e sen IVE.

Os documentos presentados en branco non se considerarán defectos emendables, senón que continuarán coa súa tramitación para efectos da instrución do expediente.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, que serán recabados electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderase solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta.

- NIF da entidade solicitante

- DNI/NIE da persoa representante.

- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual, se é o caso.

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

- Certificado de estar ao día do pagamento das débedas coa Administración Pública da comunidade autónoma

- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas

- Consulta de concesión de subvencións e axudas

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Notificación das resolucións e actos administrativos*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia- Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificación entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 14. *Instrución do procedemento*

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1º Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2º Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.

3º Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir datos e información complementaria ou aclaratoria necesaria ás persoas interesadas, a persoas profesionais expertas así como a outros servizos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

3. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que derivasen destas bases. Para realizar estas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Agadic para comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación

4. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención..

Artigo 15. *Comisión de valoración*

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic, que será a encargada de valorar as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios fixados nas presentes bases.
2. Esta comisión, que terá a consideración de órgano colexiado, estará constituída por dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, na que unha delas desempeñará as funcións da Secretaría, con voz e sen voto, e dúas persoas en calidade de profesionais expertas do ámbito audiovisual, das que unha exercerá a Presidencia.
3. Para a composición da comisión terase en conta o establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
4. A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que forman parte da Comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria. Así mesmo, absteranse se concorre algunha das circunstancias descritas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
5. A comisión poderá solicitar das persoas solicitantes cantos datos e acreditacións xulguen necesarios para unha máis correcta avaliación dos proxectos.
6. A comisión, previamente á cualificación das solicitudes, elaborará un documento concretando os criterios técnicos definidos no artigo correspondente para aplicalos de xeito obxectivo. Así mesmo, tras a súa avaliación, deixarase constancia documental nun informe coa motivación das puntuacións.
7. A avaliación das solicitudes presentadas farase en dúas fases. A primeira será a avaliación dos criterios automáticos e a segunda fase será a avaliación dos criterios técnicos. A puntuación final dos proxectos consistirá na suma de ambas valoracións.
8. Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión emitirá un informe relacionando os proxectos por orde de prelación, indicando a puntuación asignada a cada un deles de xeito motivado e levantarase unha acta que reflicta as deliberacións e acordos da comisión para a súa elevación ao órgano instructor.

Artigo 16 *Criterios de valoración*

1. Os criterios de avaliación establécense atendendo aos tipos de axuda da presente convocatoria. A puntuación máxima que poderá acadar unha solicitude será de 70, outorgados segundo os criterios que se especifica a continuación:

PROXECTOS DE LABORATORIOS, INCUBADORAS E RESI-	MÁXIMO 70 PUNTOS
---	-------------------------

DENCIAS	
CRITERIOS AUTOMÁTICOS	MÁXIMO 35 PUNTOS
a) Proxectos de produción e/ou creación galega que participaron na edición inmediatamente anterior á da presente convocatoria. 2 puntos por proxecto de produción e/ou creación galega que tivera participado.	Máximo 10 puntos
b) Porcentaxe de reserva de participación para proxectos de creación e/ou produción galega na edición obxecto da presente convocatoria. Máis do 50% dos proxectos, 5 puntos Máis do 75% dos proxectos, 7 puntos 100% dos proxectos, 10 puntos	Máximo 10 puntos
c) Porcentaxe de reserva de participación para proxectos cuxa autoría (guión ou dirección) estea a cargo dunha muller superior ao 40% sobre o total dos presentados.	5 puntos
d). Importe solicitado en relación co orzamento total do proxecto presentado. Ata o 40%: 10 puntos Mais do 40% ata o 50%: 8 puntos Mais do 50% ata o 60%: 6 puntos Mais do 60% ata o 70%: 4 puntos Mais do 70% ata o 80%: 2 puntos	Máximo 10 puntos
CRITERIOS TÉCNICOS	MÁXIMO 35 PUNTOS
a) <i>Orixinalidade da proposta</i> Valorarase se o proxecto introduce elementos novidosos e orixinais que o diferencian doutros programas existentes en Galicia en canto as prácticas formativas, informativas e didácticas ou se representa unha evolución significativa dunha práctica existente. Terase en conta tamén se amplía a oferta en canto ao tipo de contidos participantes así como en canto aos perfís dos profesionais obxecto das actividades do programa.	Ata 4 puntos que se outorgarán con motivación e segundo o cumprimento dos aspectos que se detallan.
b) <i>Calidade do contido e as actividades</i> Cada solicitante debe demostrar que a súa iniciativa responde a unha metodoloxía de traballo, formación e procedemento de selección rigoroso e ambicioso, especialmente orientado ao fomento da innovación nas narrativas, da adquisición de habilidades emprende-	Ata 9 puntos que se outorgarán con motivación e segundo o cumprimento dos aspectos que se describen.

doras da coprodución, da concienciación sobre a importancia de traballar no marketing, promoción e creación de audiencia desde as fases previas da produción e da vertebración de redes dentro do sector audiovisual. A puntuación outorgase segundo os seguintes criterios: b.1. Adecuación do contido en canto a materias e competencias impartidas, resultados esperados da aprendizaxe, actividades de titoría, metodoloxía e enfoque pedagóxico (ata 3 puntos). b.2. Adecuación en canto a dimensión do proxecto segundo o ámbito de acción (internacional / europea / rexional), o grupo destinatario (tamaño, tipo de profesionais) e nivel de capacitación e experiencia profesional (ata 3 puntos). b.3. Adecuación do formato en canto a estruturación segundo os seguintes parámetros: duración, deseño dos obradoiros e sesións de consultaría, procedemento de selección, traballo en rede con outras iniciativas (ata 3 puntos).	
<i>c) Equipo de coordinación, formadores e expertos</i> A puntuación outorgarase segundo os seguintes criterios: c.1. Traxectoria do equipo de coordinación (ata 5 puntos). c.2. Traxectoria dos titores e expertos propostos, e adecuación aos obxectivos marcados (ata 5 puntos).	Ata 10 puntos que se outorgarán con motivación e segundo o cumprimento dos aspectos que se describen.
<i>d) Estratexia, promoción da diversidade e dixitalización</i> d.1. Impulso da cooperación entre creadores e axentes do sector audiovisual de diferentes territorios ou países (ata 3 puntos). d.2. Promoción da circulación nacional e internacional dos proxectos participantes (ata 3 puntos). d.3. Estratexia específica dirixida a fomentar unha representatividade equilibrada de xénero na oferta audiovisual (ata 3 puntos). d.4. Estratexia específica dirixida a fomentar unha representatividade xeracional equilibrada, con especial atención á incorporación de mozos menores de 30 anos (ata 3 puntos).	Ata 12 puntos que se outorgarán con motivación e segundo o cumprimento dos aspectos que se describen.

2. Para ser poder ser persoa beneficiaria de subvención será requisito acadar unha puntuación mínima na fase de valoración de 35 puntos, polo que resultarán desestimadas todas as solicitudes que non acaden a dita puntuación.

No suposto de empate resolverase atendendo a unha maior puntuación dos criterios automáticos

Artigo 17. *Audiencia*

1. O órgano instrutor, á vista do informe da comisión de valoración, elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada e que lles deberá ser notificada ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións, de acordo co establecido no artigo 21.4 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Non obstante, poderase prescindir do trámite ao que se refire o parágrafo anterior cando non figure no procedemento ou non se vaian ter en conta na resolución outros feitos ou probas aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución terá carácter definitivo.

Artigo 18. *Resolución da convocatoria*

1. Transcorrido o prazo das alegacións, se é o caso, o órgano instrutor, á vista do expediente, documentación requirida e do informe da comisión avaliadora, ditará a proposta de resolución definitiva que elevará á Presidencia do Consello Reitor, indicando o número de solicitudes propostas para acadar subvención e o importe económico correspondente a cada unha delas.

2. O importe económico determinarase de xeito proporcional en función da dispoñibilidade orzamentaria, das contías e intensidades máximas determinadas nas bases reguladoras, do orzamento do proxecto, do importe solicitado e da puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración por orde de prelación. Esta proposta de resolución definitiva será elevada á Presidencia do Consello Reitor da Agadic.

3. A Presidencia do Consello Reitor da Agadic deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

A citada resolución deberase ditar, e notificar, no prazo máximo de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública, será motivada e fará mención expresa das persoas beneficiarias, da contía da axuda e súa distribución por anualidades e dunha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos.

4. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5. Na resolución informarase por escrito ás persoas beneficiarias sobre o importe da axuda e sobre o seu carácter de minimis, facendo unha referencia expresa ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L).

Artigo 19. *Aceptación e renuncia da subvención*

1. Unha vez notificada a resolución, as persoas beneficiarias comunicarán á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.
2. A persoa beneficiaria poderá remitir á Agadic o orzamento adaptado á subvención concedida (so no suposto de que a subvención recibida sexa inferior á solicitada e como máximo, pola diferenza entre ambas cantidades, a recibida e a solicitada). Dita documentación deberase remitir no prazo máximo de 10 días, contados desde a notificación da resolución de concesión.
3. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 de dita norma.

Artigo 20. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da subvención teñen que cumprir as obrigas seguintes:

- a) Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado.
- b) Seleccionar aos participantes dos seus programas a través dun medio que garanta a súa publicidade de xeito xeral.
- c) Notificar á Agadic as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.
- d) Facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións
- e) Proporcionar en todo momento a información que sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Agadic, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou do Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

f) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención. Tanto nos actos públicos como en todo o material de difusión que se elabore, incluídas notas de prensa e formatos específicos para redes sociais, debe facerse mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Adicionalmente, a persoa beneficiaria comprométese a utilizar en todo o material de difusión que se produza, tanto dixital como impreso, o logotipo oficial da marca principal da Xunta de Galicia, dispoñible no enlace web: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>, seguindo na medida do posible as normas relativas á convivencia con outras marcas que se especifican no Manual de Uso da Identidade Corporativa da Xunta e respectando o tamaño mínimo de reprodución que garanta a lexibilidade.

Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta da persoa beneficiaria da subvención.

g) Participar alomenos nalgunha actividade lectiva, promocional ou informativa de cara a promover a evolución da obra, proposta pola Axencia Galega das Industrias Culturais, de ser o caso.

h) Comunicar por escrito con antelación suficiente a programación e demais actos co fin de que, si se considera oportuno, poda estar representada a Axencia Galega das Industrias Culturais a través das persoas que se designen a este efecto.

i) No material empregado como catálogos, publicacións, vídeos e demais material relacionadas con actividades dos laboratorios e incubadoras subvencionados, nos actos públicos, as persoas beneficiarias comprométese a facer mención expresa da colaboración da Agadic no desenvolvemento da súa actividade.

j) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.

Artigo 21. Modificación da resolución de concesión

1. As actuacións subvencionadas deben executarse no tempo e forma que se determinen nas resolucións de concesión, debendo obter a previa autorización da Axencia Galega das Industrias Culturais para realizar cambios no proxecto.

2. Cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión polo órgano concedente.

3. Tamén poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiaria se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a modificación sexa autorizada expresamente polo órgano concedente.

b) Que a modificación non afecte aos obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais ou que tivesen sido determinantes para a concesión da axuda, á determinación da persoa beneficiaria, nin danen dereitos de terceiros.

c) Que as modificacións obedezan a causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude. Os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non poderían supor a denegación da subvención, nin poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. A solicitude de modificación debe ser formulada polo representante legal da persoa beneficiaria, expresando os motivos dos cambios que se propoñen e xustificando a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.

Salvo naqueles supostos no que proceda a aplicación do establecido no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude de modificación.

5. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ao interesado. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa, notificándoselle ao interesado.

6. Aos efectos de facilitar a xestión do orzamento adxudicado, poderase solicitar unha redistribución do importe da subvención concedido para cada anualidade e terá que ser solicitada cunha antelación mínima dun mes da data de xustificación da anualidade correspondente.

Artigo 22. *Xustificación da subvención*

1. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións ou reasignacións, de ser o caso, autorizadas. No suposto de que o importe correctamente xustificado sexa inferior ao orzamento presentado coa solicitude, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

2. Os prazos máximos para a xustificación da subvención serán os seguintes:

a) Anualidade 2025, será o 15 de novembro de 2025.

b) Anualidade 2026, será o 1 de xullo de 2026.

O gastos subvencionables da primeira anualidade serán os realizados no período comprendido entre o día seguinte ao da presentación da solicitude e o 15 de novembro de 2025.

Os gastos subvencionables da segunda anualidade serán os realizados no período comprendido entre o 16 de novembro do 2025 e o 1 de xullo do 2026.

3. As persoas beneficiarias deberán xustificar o importe de subvención concedida para cada anualidade no prazo establecido, cos gastos efectuados e pagados que se imputen á anualidade a xustificar, segundo a resolución de concesión ou, de ser o caso, as súas modificacións.

Só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na normativa reguladora da subvención. Se as persoas beneficiarias non xustifican completamente o importe dunha anualidade e non solicitaron a reasignación dos créditos, minorarase o importe da mesma na proporción que corresponda.

4. Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ser abonados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial, que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5. Cando ao beneficiario se lle outorgara a subvención por importe superior a 30.000 euros e sexa un suxeito dos incluídos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, terá que cumprir os prazos de pago establecidos no punto anterior, circunstancia que se acreditará pola presentación da conta de perdas e ganancias abreviada, e no suposto que non poidan presentalas se acreditarán o cumprimentos dos prazos legais de pagamento coa certificación dun auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

6. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, ditarase a oportuna resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. As persoas beneficiarias deberán comunicar a Agadic, inmediatamente despois de producirse, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outros entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais para a mesma finalidade, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante durante o período dos tres anos previos á data de concesión.

Artigo 23. Conta xustificativa

1. A persoa beneficiaria da subvención deberá acreditar o custo final do proxecto mediante unha memoria económica xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos producidos. Deberase acreditar así mesmo na conta xustificativa o cumprimento de todas as obrigas do artigo 20. En concreto, a memoria xustificativa deberá conter:

1.1. Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos da actividade, por anualidades, que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe e a data de emisión, a data de pagamento, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE. Deberán indicarse as desviacións producidas sobre o orzamento presentado.

1.2. Copia das facturas ou documentos, (de acordo co establecido no 2.2 Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (BOE núm. 289, do 1 de decembro de 2012.), de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e copia documentos xustificativos do seu pagamento, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior. Non se terán en conta os pagamentos en efectivo. En concreto, entregarase como mínimo a seguinte documentación:

a) A remuneración de persoal por algunha das actividades e gastos subvencionables, xustificarse mediante o correspondente contrato e factura, cando exista unha relación mercantil, e mediante o contrato e a nómina correspondente, con expresa indicación do réxime xeral de Seguridade Social, cando a relación sexa laboral.

b) Xustificantes do ingreso na Facenda Pública das cantidades retidas a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondentes aos contratos formalizados, de acordo coas porcentaxes de retención legalmente establecidos, así como, no seu caso, os xustificantes do pago das cotas da Seguridade Social correspondentes aos devanditos contratos.

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, contratos, que acrediten os custos de servizos, subministracións e calquera outra prestación que non sexa de persoal contratado directamente pola empresa produtora, así como o xustificante de efectuar a declaración das facturas ante a Facenda Pública nos casos en que así o esixa a súa normativa específica.

d) Billetes, facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, xustificativos dos gastos de viaxes e desprazamentos.

e) Relación dos gastos facturados mediante subcontratación, identificación dos contratistas, situación de vinculación ou non con outras entidades xurídicas da mesma natureza e e declaracións responsables de cada un delas respecto de non incorrer en ningunha das causas de prohibición para subcontratar que establece o artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

1.3. Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

1.4. Os tres orzamentos que, en aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público para o contrato menor deba ter solicitado a persoa beneficiaria.

1.5. No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

1.6. Anexo IV Memoria económica Financeira

1.7. Anexo V Declaración de Axudas

2. A conta xustificativa correspondente a cada anualidade deberá incluír a declaración das actividades realizadas nese período e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos producidos. Dita conta xustificativa deberase achegar xunto cunha memoria xustificativa parcial de gasto.

Artigo 23. *Pagamento da subvención*

1. Para ter dereito ao pagamento da axuda deberá presentarse electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a¹ documentación xustificativa da subvención ademais dos anexos establecidos para o efecto.

2. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego e o cumprimento das obrigas establecidas na presente resolución, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados ou pagos á conta, para o que se estará ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. Pagamentos anticipados

As entidades beneficiarias, unha vez ditada a resolución de concesión da subvención, poderán solicitar un anticipo de ata o 80 % da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que establece que o Consello da Xunta poderá autorizar unha porcentaxe maior á determinada no

Decreto. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada e non poderá exceder do importe de subvención da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Os anticipos terán que ser solicitados cunha antelación mínima dun mes da data de xustificación.

4. Pagamentos á conta. Poderanse realizar pagamentos á conta respondendo ao ritmo de execución do proxecto obxecto da subvención e previa xustificación dos gastos conforme ao establecido nestas bases para a xustificación, tal e como se establece no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e os pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionado correspondente aos pagamentos xustificados, ao abeiro do artigo antes citado.

5. Constitución de garantías. As entidades beneficiarias que reciban pagamentos anticipados está exentas de constituír garantías segundo o disposto no artigo 67.4. do Decreto 11/2009.

Artigo 24. Perda de dereito ao cobramento da subvención

1. É causa de perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento da persoa beneficiaria da súa obriga de estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.

2. Así mesmo, son causas de perda do dereito ao cobramento da subvención as previstas como causas de reintegro se non se tivese abonado a axuda.

3. O procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención é o establecido para o reintegro.

Artigo 25. Causas de reintegro

1. A persoa beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamente a concesión da axuda, así como cos compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

2. Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención e os xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009.

3. Son causas de reintegro as seguintes:

- a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos fornecidos pola persoa beneficiaria que servisen de base para a concesión da axuda, ou a ocultación daqueles datos que a impedisen.
- b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, tarefas, compromisos ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a que a axuda foi concedida.
- c) O incumprimento da obriga de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables, ou outras obrigas impostas na resolución de concesión da axuda.
- d) O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 30 desta resolución.
- e) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.
- g) Calquera das demais causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

Artigo 26. *Gradación dos incumprimentos*

- 1. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do proxecto ou da obriga de xustificación, será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.
- 2. A non execución do proxecto dará lugar ao reintegro da subvención.

O alcance do incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase a subvención proporcionalmente.

A aplicación da devolución ou minoración da subvención realizarase coa revisión da xustificación da última anualidade e, de ser o caso, requirirase a persoa beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar

á incoación do expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

No caso das condicións que constitúan obrigas que a persoa beneficiaria debe acreditar na fase de xustificación (deberes de publicidade, comunicación doutras axudas, etc), estas deberán xustificarse en todo caso para proceder ao pago da subvención.

Artigo 27. Procedemento de reintegro

1. Se aboada parte ou a totalidade da axuda acaecesen os motivos que se indican no artigo 29 desta resolución, incoarase o correspondente expediente de reintegro, o cal se tramitará conforme ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007.
2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento de pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.
3. O procedemento de reintegro de subvencións iniciárase de oficio por acordo do órgano concedente destas, e comunicárase á persoa beneficiaria a iniciación do procedemento de declaración de perda do dereito, ou de reintegro, e as causas que o fundamentan, seguindo o procedemento establecido para o reintegro nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, e 77 e seguintes do Decreto 11/2009.
4. A resolución do procedemento de reintegro poñerá fin á vía administrativa. Contra esta resolución de reintegro, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta fora expresa. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co previsto nesta resolución, se produzan os efectos do silencio administrativo. Todo isto segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.
5. Sen prexuízo do anterior, ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, e no título VI do Decreto 11/2009.

Artigo 28. Control

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións.

2. A Axencia Galega das Industrias Culturais, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento ás persoas beneficiarias as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de orixe dos fondos. Se se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, propoñerase o reintegro da subvención concedida.

3. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 29. *Medidas Antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do sistema interno de información da AGADIC ou do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención General de la Administración del Estado, por medios electrónicos a través das canles habilitadas para o efecto:
<https://industriasculturais.xunta.gal/es/transparencia>

No formulario que se desexe utilizar, anónimo ou con identificación, seleccionárase o apartado “Canles específicas” e, dentro del, elixírase a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) ou
<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente.

Artigo 30. *Normativa aplicable*

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto na presente Resolución pola que aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para laboratorios, incubadoras e residencias de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2025, así como:

1.1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, e supletoriamente á Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións, así como os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

1.2. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.3. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

1.4 Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia e demais normativa de xeral aplicación.

1.5 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

1.6 Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Artigo 31. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no Diario Oficial de Galicia a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 32. *Recursos administrativos*

A convocatoria destas axudas, as súas bases, as resolucións de concesión e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados interpoñendo os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa ante os Xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

Disposición adicional *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase o director da Axencia Galega das Industrias Culturais para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira . *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.